



POXA PÚBLICA PARA A COMPRAVENDA E/OU CONSTITUCIÓN DO DEREITO DE SUPERFICIE EN PARCELAS RESULTANTES DO PROXECTO DE PARCELACIÓN DA ZONA DENOMINADA ÁREA LOXÍSTICA EMPRESARIAL DA PLATAFORMA LOXÍSTICA E INDUSTRIAL DE SALVATERRA DE MIÑO - AS NEVES (PLISAN). EXPEDIENTE: PLISAN 2019/COMPRAVENDA-LE

ACTA DE APERTURA DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A) ORDE DO DÍA

1. Constitución da Mesa de licitación.
2. Comprobación das ofertas presentadas.
3. Apertura do sobre administrativo (Sobre A).
4. Acordos da mesa.

1.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE LICITACIÓN.

Data:	21/10/2019	Hora:	10:10 horas
Lugar:	Polígono de Fontiñas, Área Central S/N, 15702 - Santiago de Compostela		

No lugar, día e hora enriba indicados, constitúese a Mesa de licitación para proceder á apertura da documentación administrativa (Sobre A), dos licitadores que presentaron ofertas no expediente de referencia, publicado o 11 de xuño de 2019 no Diario Oficial de Galicia (nº 109).

PRESIDENTE	José Luis Estévez Sobrino	Xefe do Servizo de Xestión de Investimentos e Apoio Administrativo
VOGAIS	Roberto Barcia Casanova	Letrado. Asesor Xurídico do IGVS.
	M ^a Sagrario Roel Alonso	Xefa do Servizo de Coordinación e Supervisión do Control Financeiro Permanente de ATRIGA. Intervención Xeral.
	Rosa Eguizábal Gándara	Directora de Promoción Económica. Consorcio Zona Franca de Vigo
	Beatriz Colunga Fidalgo	Directora. Autoridade Portuaria de Vigo
	Javier Suárez García	Asesor Xurídico da Comisión de Seguimento da PLISAN
SECRETARIO	Jorge Outeiriño Santos	Xefe do Servizo de Contratación.

2.- COMPROBACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS

O Presidente da Mesa pon en coñecemento dos membros da Mesa as ofertas presentadas, de conformidade co establecido na Cláusula C do Prego de Condicións da poxa:

Data de presentación	LICITADOR	PARCELAS SOLICITADAS	PREZO BASE (sen IVE)	OPCIÓN
26/09/2019	HIJOS DE CARLOS ALBO, S.L.U.	LE – 5.3	1.040.557,00€	Dereito de superficie
		LE – 5.4	1.039.034,00€	
		LE – 5.5	1.183.211,00€	
27/09/2019	VALLEJO LOW COST, S.L.	LE – 4.1	233.701,00€	Dereito de superficie
01/10/2019 (envío correo certificado 27/09/2019)	GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L.	LE – 4.2	180.675,00€	Dereito de superficie





3.- APERTURA DO SOBRE DA DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA (SOBRE A).

A continuación, procédese á apertura dos sobres A dos licitadores presentados e analízase a documentación, realizando as seguintes comprobacións:

HIJOS DE CARLOS ALBO, S.L.U. presenta copia compulsada da escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada; código de identificación fiscal emitido pola Agencia Estatal da Administración Tributaria; certificación do Rexistro mercantil en relación aos datos de constitución da sociedade e dos poderes inscritos no mesmo; copia compulsada da escritura de elevación a público de acordos sociais en materia de representación; declaración responsable de non estar incurso nos supostos establecidos no Anexo II ao Prego (que nin o licitador nin os seus administradores e/ou representantes solicitaron ou están declaradas en concurso, foron declarados insolventes en calquera procedemento, están suxeitos a intervención xudicial ou foron inhabilitados conforme á Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal); resgardo acreditativo de ter constituída a garantía na modalidade de depósito ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda por importe de 163.140,10€ (5% do prezo base de licitación das parcelas LE – 5.3., LE – 5.4. e LE – 5.5); e memoria sobre o proxecto empresarial que a sociedade pretende desenvolver nas parcelas.

VALLEJO LOW COST, S.L. presenta copia compulsada da escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada; copia compulsada do NIF de José Antonio Vallejo Sánchez; declaración responsable de non estar incurso nos supostos establecidos no Anexo II ao Prego; declaración de someterse á xurisdicción dos xulgados e Tribunais españois; resgardo acreditativo de ter constituída a garantía na modalidade de depósito ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda por importe de 11.686,00€; e memoria sobre o proxecto empresarial que a sociedade pretende desenvolver na parcela.

GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L. presenta copia compulsada da escritura pública de constitución da sociedade de responsabilidade limitada; declaración responsable de non estar incurso nos supostos establecidos no Anexo II ao Prego asinada por Antón Rodríguez Cortegoso; resgardo acreditativo de ter constituída a garantía na modalidade de depósito ante a Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda por importe de 9.033,75€; e memoria sobre o proxecto empresarial que a sociedade pretende desenvolver na parcela.

4.- ACORDOS DA MESA.

De conformidade ao anterior, ao abeiro do disposto na Cláusula C do Prego de Condicións da poxa, a Mesa acorda admitir todas as ofertas presentadas e requirir a GRUPO TECNOLÓGICO ARBINOVA, S.L. para que, no prazo de 10 días naturais desde o día seguinte á notificación do requirimento, proceda a:

1) Emendar a declaración sobre os extremos establecidos no Anexo II ao Prego xa presentada, mediante a súa sinatura por Bibiana María Rodiño Janeiro, en canto que na escritura de constitución da sociedade consta como administradora única. Non obstante, poderá achegar a copia notarial ou auténtica da escritura pública de modificación dos estatutos da sociedade na que conste o nomeamento de Antón Rodríguez Cortegoso como administrador, ou, no seu caso, copia notarial ou auténtica da escritura pública que conteña o poder de representación suficiente en favor de Antón Rodríguez Cortegoso para representar á sociedade ante administracións públicas neste tipo de procedementos.

2) Especificar na memoria sobre o proxecto a desenvolver na parcela o importe da inversión a realizar.

Por último, o Presidente levanta a sesión e dá por rematado o acto e asinándose electronicamente a presente acta polo Presidente e o Secretario, no lugar e data sinalados.

O PRESIDENTE

José Luis Estévez Sobrino

O SECRETARIO

Jorge Outeiriño Santos

